

Área: Competicións

Circular nº 13 - Temp. 20/21

PROTOCOLO APRAZAMENTOS POR CUESTIÓNS RELACIONADAS COA COVID-19

A raíz da situación sanitaria que estamos a vivir actualmente, a Federación Galega de Balonmán informa dos pasos a seguir para a solicitude de aprazamentos por mor dos impedimentos provocados pola Covid-19.

O Comité de Competición da Federación Galega de Balonmán aprobará os aprazamentos dos encontros que se atopen argumentados firmemente en:

- Restricións legais para a práctica deportiva e ditadas polas administracións competentes.
- Sintomatoloxías compatibles ou diagnósticos en firme de Covid-19.
- Contactos estreitos con algún positivo ou posible positivo (á espera de proba diagnóstica). Compre aclarar que deben ser considerados contactos estreitos polas autoridades sanitarias.

O proceso de solicitude de aprazamento consistirá en que o/a responsable de protocolo do club, envíe o modelo de declaración xurada, no que expoña de xeito claro e conciso os motivos relacionados coa situación sanitaria da Covid-19 polos que solicita o aprazamento do encontro ou encontros.

Os aprazamentos que se axusten aos criterios establecidos nos parágrafos anteriores, quedarán excluídos do pago da taxa indicada no NOREBA-GA.

Compre recordar que este protocolo de aprazamento tan só se refire a cuestións única e exclusivamente relacionadas coa Covid-19. Para solicitudes por outros motivos, o proceso será o habitual e dentro dos prazos establecidos pola normativa.

En Vigo, a 22 de Outubro de 2020